



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras do concurso ordinario para a provisión de diversos postos de traballo na RPT da Deputación Provincial de Ourense.

A) OBXECTO DAS BASES. POSTOS DE TRABALLO OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de concurso ordinario para a provisión dos postos de traballo actualmente vacantes (exclúense da convocatoria algúns postos que está prevista a súa modificación ou supresión ou se atopan en estudo) na Relación de Postos de Traballo (en diante RPT) da Deputación Provincial de Ourense (aprobada definitivamente por acordo do Pleno da Corporación de 29 de abril de 2016 e publicada no BOP n.º134 de xuño de 2016), de conformidade co establecido na lexislación aplicable en materia de función pública e persoal ó servizo da administración provincial, e en particular na Ordenanza provincial reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 28, do 4 de febreiro de 2004).

Os postos obxecto de provisión son os seguintes:

1) 1 Oficial de Administración (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior).

2) 1 Capataz Brigada (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento).

3) 1 Chofer de Brigada (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento).

4) 3 Operarios de Conservación e Mantemento (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento).

5) 1 Xestor de Formación (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Formación, Calidade e Avaliación do Desempeño - Negociado de Formación).

6) 1 Auxiliar de oficina (Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Gabinete de Prevención de Riscos Laborais).

7) 1 Auxiliar de oficina (Área de Administración Xeral - Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio - Sección de Contratación - Negociado de Subministracións e Servizos).

8) 1 Oficial de Administración (Área de Administración Xeral - Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio - Sección de Subvencións - Negociado de Concursos).

9) 1 Oficial de Administración (Área de Administración Xeral - Sección de Arquivo e Publicacións - Negociado de Arquivo).

10) 1 Auxiliar de Arquivo (Área de Administración Xeral - Sección de Arquivo e Publicacións - Negociado de Arquivo).

11) 1 Xefe do Negociado de Publicacións (Área de Administración Xeral - Sección Arquivo e Publicacións - Negociado de Publicacións)

12) 1 Auxiliar de Servizos (Área de Administración Xeral - Sección de Arquivo e Publicacións - Negociado de Publicacións).

13) 1 Técnico de Fiscalización da Xestión Orzamentaria e Contable (Área de Facenda - Intervención).

14) 1 Oficial de Control de Entidades Dependentes (Área de Facenda - Intervención).

15) 1 Auxiliar de Oficina (Área de Facenda - Intervención - Sección de Ingresos Xerais).

16) 1 Oficial de Administración (Área de Facenda - Intervención - Sección de Gastos).

17) 1 Oficial de Administración (Área de Facenda - Tesouraría - Servizo de xestión tributaria e recadación - Negociado de Xestión Tributaria).

18) 1 Xefe do Equipo de Mecánica (Área de Infraestruturas - Taller de Maquinaria).

19) 1 Chapista (Área de Infraestruturas - Taller de Maquinaria).

20) 1 Axudante de taller (Área de Infraestruturas - Taller de Maquinaria).

21) 1 Operario de báscula portátil e aforadores (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Equipo de estudos de tráfico e seguridade viaria).

22) 1 Vixilante de liñas (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación).

23) 1 Legoeiro de apoio (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Negociado de vixilancia de obras n.º 1)

24) 1 Capataz de Regas Especiais (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas Comúns - Brigada de Regas especiais).

25) 2 Condutores de Maquinaria e Vehículos Especiais de Regas (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas Comúns - Brigada de Regas especiais).

26) 2 Legoeiros Brigada Regas Especiais (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas Comúns - Brigada de Regas especiais).

27) 1 Oficial de Brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas de O Carballiño-O Ribeiro).

28) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas de O Carballiño-O Ribeiro).

29) 1 Capataz Brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas da zona Noroeste).

30) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas da zona Noroeste).

31) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas de Ourense).

32) 2 Legoeiros (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Regas de Ourense).

33) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Obras de Muros de Ourense).

34) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Obras de Fábrica Norte).

35) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Obras de Fábrica Oeste 1).

36) 1 Capataz Brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Obras de Fábrica Oeste 2).



37) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Obras de Fábrica Oeste 2).

38) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada Volante).

39) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Brigada de Desbroce).

40) 1 Xefe Equipo Retén Emerxencias (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 1 - Equipo de Retén de Emerxencias Zona 1).

41) 1 Oficial Retén Emerxencias (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigada de Zona 1 - Equipo de Retén de Emerxencias Zona 1).

42) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de Valdeorras).

43) 2 Legoeiros (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigadas de Rega de Valdeorras).

44) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de Viana).

45) 2 Legoeiros (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de Viana).

46) 2 Legoeiros (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de Terra de Trives).

47) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de Verín).

48) 1 Chofer de brigada (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de A Limia).

49) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Regas de A Limia).

50) 1 Legoeiro (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Brigada de Obras de Fábrica Sur 2).

51) 1 Xefe Equipo Retén Emerxencias (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Equipo de Retén de Emerxencias Zona 2).

52) 1 Oficial Retén Emerxencias (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Conservación e Explotación - Brigadas de Zona 2 - Equipo de Retén de Emerxencias Zona 2).

53) 1 Axudante de Supervisión (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de Supervisión de obras e proxectos - Negociado de Inspección de obras).

54) 2 Legoeiros de apoio (Área de Infraestruturas - Servizo de Vías e Obras - Sección de estudos e proxectos - Negociado de Topografía e Delineación).

55) 1 Capataz de Maquinaria RSU (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais).

56) 4 Choferes-operarios lixo (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais - Equipo Recollida Selectiva)

57) 10 Operario Lixo (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais - Equipo Transferencia Punto Limpo)

58) 1 Chofer-operario lixo (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais - Equipo de Cooperación e Unidades de Xestión)

59) 2 Operarios lavacontedores (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais - Equipo de Cooperación e Unidades de Xestión).

60) 9 Choferes-operarios lixo lavacontedores (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Resíduos e Enerxías - Negociado de Servizos Intermunicipais - Equipo de Relevos).

61) 1 Capataz de Zonas Verdes (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Xestión Ambiental - Negociado de Zonas Verdes).

62) 2 Operarios Zonas Verdes (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Xestión Ambiental - Negociado de Zonas Verdes).

63) 1 Técnico Asesor de Avaliación Ambiental (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente - Sección de Xestión Ambiental - Negociado de Avaliación e Calidade Ambiental).

64) 2 Choferes-lanceiros (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados).

65) 1 Operario dos Centros de Recollida de Animais Abandonados da Limia (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados).

66) 2 Operarios dos Centros de Recollida de Animais Abandonados de O Carballiño (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados).

67) 2 Operarios dos Centros de Recollida de Animais Abandonados de A Baixa Limia (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados).

68) 2 Operarios dos Centros de Recollida de Animais Abandonados de Valdeorras (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados).

69) 1 Peón agrícola Granxa de Armariz (Área de Medio Ambiente - Servizo de Medio Rural - Granxas).

70) 3 Porteiros-operarios de servizos varios (Área de Cultura e Deporte - Centro Cultural Marcos Valcarcel - Negociado de Administración - Equipo de Portería e Limpeza).

71) 1 Rexente do Teatro Principal (Área de Cultura e Deporte - Teatro Principal).

72) 1 Auxiliar de oficina (Área de Cultura e Deporte - Teatro Principal).

73) 1 Porteiro (Área de Cultura e Deporte - Escola de Gaitas).

74) 1 Encargado do Centro Cultural Popular (Área de Cultura e Deporte - Centro Cultural Popular Xaquín Lorenzo Fernández).

75) 4 Operario de servizos varios (Área de Cultura e Deporte - Servizo de Deporte).

76) 1 Xefe do Negociado de Transparencia e Información Cidadá (Área de Gobernanza e Transparencia - Negociado de Transparencia e Información cidadá).

77) 1 Auxiliar de oficina (Área de Gobernanza e Transparencia - Negociado de Transparencia e Información cidadá).



78) 1 Auxiliar de oficina (Área de Presidencia - Gabinete de Presidencia).

79) 1 Oficial de administración (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria).

80) 1 Conductor de camión cisterna (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria).

81) 2 Choferes de relevos Parque de Maquinaria (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria).

82) 1 Chofer motoniveladora (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria - Grupo de Maquinaria de Cooperación).

83) 1 Conductor de maquinaria (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria - Grupo de Maquinaria de Cooperación).

84) 3 Maquinista (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria - Grupo de Conservación).

85) 1 Maquinista da zona 1 - Terra de Caldelas (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria - Grupo de Conservación).

86) 1 Axudante de maquinaria (Área de Presidencia - Parque Móbil e de Maquinaria - Parque de Maquinaria - Grupo de Conservación).

Os postos que non se convocan por estar prevista a súa amortización ou por atoparse en fase de estudo son os seguintes:

- Xefe do Negociado de Réxime Interior (Área de Administración Xeral-Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior-Sección de Xestión e Selección de Persoal-Negociado de Réxime Interior).

- Xefe do Negociado de Arquivo (Área de Administración Xeral-Sección de Arquivo e Publicacións-Negociado de Arquivo).

- Auxiliar de oficina (Área de Facenda-Área de Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación-Negociado de Xestión Tributaria).

- Auxiliar de oficina (Área de Facenda-Área de Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación-Oficina Recadación Viana do Bolo).

- Auxiliar de oficina (Área de Facenda-Área de Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación-Oficina Recadación Xínzo de Limia).

- Auxiliar Técnico de Laboratorio (Área de Infraestruturas e Servizos-Parque de Fornecementos-Laboratorio).

- Operario de enlace co Parque de Maquinaria (Área de Medio Ambiente-Servizo de Augas e Medio Ambiente-Sección de Resíduos e Enerxía-Negociado de Servizos Intermunicipais).

- Recepcionista (Área de Cultura e Deportes-Servizo de Deportes).

- Auxiliar de Servizos (Servizo de Presidencia-Gabinete de Presidencia).

- Celador de Conservación e Explotación (Área de Infraestruturas e Servizos-Servizo de Vías e obras-Sección de Conservación e Explotación).

Os postos que se exclúen da convocatoria por non existir persoal no cadro de persoal que reúna os requisitos para poder concursar son os seguintes:

- Arquitecto Asesor (Área de Administración Xeral-Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios).

- Técnico Asesor en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (Área de Benestar).

- Técnico en Desenvolvemento de Proxectos Informáticos (Área de Benestar).

- Técnico Especialista en Desenvolvemento Local (Área de Benestar).

- Asistente Social (Área de Benestar).

B) BASES COMÚNS DO CONCURSO ORDINARIO

1ª) OBXECTO.

É obxecto das presentes bases a regulación da provisión, polo procedemento de concurso ordinario, dos postos de traballo definidos na RPT da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2016 que se relacionaron no apartado A).

Os ditos postos contan coa correspondente dotación orzamentaria, atopándose en condicións administrativas para seren obxecto de provisión mediante o devandito procedemento.

A descrición, clasificación e valoración dos ditos postos figuran no apartado correspondente das bases específicas para cada un deles.

2ª) REQUISITOS DOS CONCURSANTES.

1. Para poderen ser admitidos ao concurso ordinario os aspirantes deberán reunir as seguintes condicións, por referencia á data límite para a presentación de instancias:

- Pertencer ao cadro de persoal da Deputación Provincial (no caso de postos de traballo reservados a persoal funcionario), ao cadro de persoal laboral fixo (no caso de postos de traballo reservados a persoal laboral fixo) ou a calquera dos dous cadros no caso de postos clasificados como de provisión indistinta.

- Pertencer aos grupos, escalas, subescalas, clases e categorías profesionais que se especifican nas fichas individualizadas dos postos de traballo da RPT, recollidos en cada caso nas bases específicas da presente convocatoria.

- Cumprir, se é o caso, os requisitos de formación específica que se establecen nas fichas individualizadas dos postos de traballo da RPT, recollidos en cada caso nas bases específicas da presente convocatoria.

- Non atoparse en situación administrativa de suspensión de funcións, imposta por resolución disciplinaria ou sentenza xudicial firme.

3ª) NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

1. As solicitudes dirixiranse ao Presidente da Deputación, en modelo normalizado que será facilitado no Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior -Negociado de Administración e Control, e irán acompañadas da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen. Presentaranse no rexistro xeral de entrada de documentos da Deputación ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo de presentación será de quince días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, esixido polo artigo 205.4 da Lei do Emprego Público de Galicia.

No caso en que os aspirantes opten a máis dun posto, será requisito imprescindible que na súa instancia manifesten a orde de prelación dos postos para o caso de que sexan propostos para o nomeamento en máis dun dos postos solicitados.

En todo caso, non será preciso que acrediten documentalmente os méritos que obren no expediente do interesado no Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Negociado de Administración e Control, aínda que si deberán ser alegados na instancia correspondente.

No caso de existencia de deficiencias formais corrixibles nas solicitudes, a Presidencia requirirá ós interesados, outorgándolles un prazo de cinco días hábiles para a súa corrección. En ningún caso se poderá utilizar este trámite para a mellora da solicitude ou acreditar méritos non alegados na solicitude orixinal.

2. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- As titulacións académicas, mediante orixinal ou copia compulsada do correspondente título oficial ou do xustificante de



cumprir os requisitos e ter satisfeito os dereitos para a súa expedición.

- A antigüidade na administración pública, mediante certificación expedida polo órgano competente da administración pública de que se trate.

- Os servizos prestados no sector privado, mediante certificación de vida laboral e contratos de traballo.

- Os cursos de formación, mediante certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superado a proba de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

- O resto de méritos, se é o caso, acreditaranse do xeito que establezan as bases específicas ou, no seu lugar, mediante calquera medio documental de proba admisible en dereito. Este último medio para acreditar poderá ser utilizado no caso en que xustificadamente se produza unha imposibilidade ou unha dificultade extraordinaria para acreditarlos polos medios previstos nas presentes bases.

4ª) MÉRITOS VALORABLES:

A valoración dos méritos para a adxudicación de postos efectuarase de acordo co seguinte baremo:

A) Cursos de formación e perfeccionamento: se valorarán aqueles cursos de formación e perfeccionamento que reúnan as seguintes características:

Ter relación directa, en atención aos seus contidos, coas actividades propias do posto de traballo ao que se concursa. Para estes efectos, considerarase que teñen relación directa aqueles cursos cuxos contidos poidan ser de directa aplicación non desenvolvemento das tarefas propias do posto.

Consideraranse avaliábeis como cursos, as accións formativas en sentido amplo, incluíndo a participación en xornadas, seminarios e congresos, organizados ou homologados por entidades do sector público, así como os promovidos e realizados no marco dos Acordos de Formación Continua nas Administracións Públicas (AFCAP) e dos Acordos de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

Valoración: a valoración dos cursos de formación poderá alcanzar ata un máximo de 20 puntos, aplicados da seguinte forma:

- Por cada curso de 20 ata 30 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cada curso de máis de 30 horas e ata 60 horas de duración: 0,25 puntos.
- Por cada curso de máis de 60 horas e ata 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Por cada curso de máis de 100 horas e ata 200 horas de duración: 1 punto.
- Por cada curso de máis de 200 horas de duración: 2 puntos.

Para estes efectos, consideraranse como cursos os de postgrao que non teñan a consideración de máster oficial ou doutorado.

Nos supostos en que os cursos ou accións formativas realizados inclúan unha proba de avaliación final como requisito para a obtención da certificación ou diploma de aproveitamento do curso, a puntuación correspondente segundo o baremo anterior incrementárase, en cada caso, nun 25 %. Otorgándosele deste xeito con carácter xeral unha maior valoración aos diplomas de aproveitamento pola participación en accións formativas fronte ás meras certificacións de asistencia.

A asistencia aos cursos deberá acreditarse mediante orixinal ou copia debidamente autenticada do diploma ou certificación onde conste a denominación do curso, as datas de realización e o seu número de horas.

B) Por posuír titulación superior á esixida para o desempeño do posto: valorarase a posesión de titulación superior á esixida para o posto. Non obstante, no caso de titulacións de formación profesional de grao superior e de grao ou postgrao universitario, a valoración queda condicionada a que a dita titulación estea relacionada coas funcións do posto e poida presumirse racionalmente que outorga unha maior competencia profesional para o seu desempeño.

Valoración: a valoración da titulación superior á esixida poderá alcanzar ata un máximo de 20 puntos, distribuídos conforme as regras que se detallan a continuación. Como regra xeral, puntuarase unicamente a titulación de máximo grao de que se dispoña; non obstante, nos casos nos que se dispoña de diferentes titulacións nese grao máximo, puntuarase cada unha delas, acumulándose a puntuación ata o límite máximo establecido no baremo aplicable.

A baremación aplicable ás titulacións superiores será a seguinte, segundo sexa o nivel de titulación do posto e o grao máximo de titulación do aspirante:

b.1) Para postos reservados a agrupacións profesionais sen titulación específica:

Graduado en ESO ou equivalente: 2 puntos.

Bacharelato: 4 puntos.

Formación Profesional de Grao Medio: 4 puntos, ata un máximo de 8 puntos.

Formación Profesional de Grao Superior: 6 puntos, ata un máximo de 12 puntos.

Grao universitario: 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Postgrao universitario (máster): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

Postgrao universitario (doutorado): 12 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

b.2) Para postos reservados ao subgrupo C2:

Bacharelato: 2 puntos.

Formación Profesional de Grao Medio: 2 puntos, ata un máximo de 4 puntos.

Formación Profesional de Grao Superior: 4 puntos, ata un máximo de 8 puntos.

Grao universitario: 6 puntos, ata un máximo de 12 puntos.

Postgrao universitario (máster): 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Postgrao universitario (doutorado): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

b.3) Para postos reservados ao subgrupo C1:

Formación Profesional de Grao Superior: 4 puntos, ata un máximo de 8 puntos.

Grao universitario: 6 puntos, ata un máximo de 12 puntos.

Postgrao universitario (máster): 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Postgrao universitario (doutorado): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

b.4) Para postos reservados ao subgrupo B:

Grao universitario: 6 puntos, ata un máximo de 12 puntos.

Postgrao universitario (máster): 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Postgrao universitario (doutorado): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

b.5) Para postos reservados aos subgrupos A2 e A1:

Postgrao universitario (máster): 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Postgrao universitario (doutorado): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

C) Por posuír titulación adicional, do mesmo grao ou nivel que a esixida para o desempeño do posto: valorarase a posesión de



titulación adicional do mesmo grao ou nivel á esixida para o desempeño do posto, sempre que a dita titulación estea relacionada coas funcións do posto e poida presumirse racionalmente que outorga unha maior competencia profesional para o seu desempeño.

Valoración: a valoración da titulación adicional á esixida poderá alcanzar ata un máximo de 8 puntos, distribuídos conforme as regras que se detallan a continuación. Segundo sexa o nivel de titulación do posto do aspirante:

c.1) Postos do subgrupo C1: por posuír o título de bacharel (en postos reservado a prazas para as que se esixa a titulación de formación profesional de grao medio) ou o título de formación profesional de grao medio (en postos reservados a prazas para as que se esixa a titulación de bacharel, ou o título de formación profesional en grao medio nunha rama distinta): 4 puntos.

c.2) Postos do subgrupo B: por posuír o título de formación profesional en grao superior nunha rama diferente á esixida para o acceso á praza á que se reserva o posto: 4 puntos, ata un máximo de 8 puntos.

c.3) Postos do subgrupo A2 e A1: por cada título de grao universitario que se posúa, diferente ao esixido para o acceso á praza á que está reservado o posto de traballo: 4 puntos, co límite de 8 puntos.

D) Experiencia profesional: valoraranse tanto os servizos prestados nas administracións públicas como os traballos realizados nas empresas do sector privado, sen distinción de categorías profesionais.

Valoración: a valoración da experiencia profesional poderá alcanzar ata un máximo de 12 puntos, a razón de 0,10 puntos por cada mes de servizo completo nas administracións públicas, computándose os recoñecidos que se prestaran con anterioridade á adquisición da condición de funcionario; e a razón de 0,05 puntos por cada mes completo de servizos nas empresas do sector privado. En todos os casos ata un máximo total en conxunto de 12 puntos.

5ª) LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

Rematado o prazo de presentación de instancias e, se é o caso, de corrección de deficiencias, a Presidencia ditará resolución pola que declara aos aspirantes admitidos e aos excluídos por incumplir os requisitos da convocatoria, pasándose as actuacións á Comisión de Valoración. Contra esta resolución da Presidencia, que será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, os interesados poderán interpoñer os recursos legalmente procedentes.

6ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración quedará constituída do xeito que se contempla nas bases específicas. A identidade do representante da Xunta de Persoal e/ou do Comité de Empresa, incluíndo un suplente, deberá ser comunicada por este órgano unitario no prazo máximo de quince días hábiles dende a publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que os órganos unitarios de representación de persoal non procedan á comunicación da designación do seu representante, este feito non impedirá a válida constitución da comisión, que levará a cabo as súas funcións en ausencia do dito representante, entendéndose que o órgano de representación unitaria desiste do seu nomeamento. En todo caso, se o órgano de representación unitaria designase ao seu representante con posterioridade ao inicio das actuacións da comisión, pero antes do remate do procedemento, este terá dereito a incorporarse á comisión, sen que haxa lugar á retroacción das actuacións xa realizadas.

A Comisión de Valoración rexerá en canto ao seu funcionamento polas regras comúns aplicables aos órganos colexiados das Administracións Públicas.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias e aprobada a lista de admitidos e excluídos, constituirase a Comisión de Valoración prevista en cada caso nas bases específicas.

A Comisión procederá á valoración dos méritos conforme ás regras establecidas en cada caso nas bases específicas e tendo en conta, en todo caso, as seguintes:

- Para a súa válida constitución, deberán concorrer a maioría absoluta dos membros da Comisión, ademais do seu presidente e do secretario.

- A Comisión só poderá valorar os méritos alegados nas instancias e adquiridos antes da expiración do prazo de presentación de solicitudes.

- A Comisión poderá solicitar formalmente dos interesados as aclaracións ou, se é o caso, a documentación adicional que estimen necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

- A Comisión poderá solicitar os informes e asesoramentos que estime precisos para levar a cabo a valoración.

- O prazo para a resolución do concurso será dun mes dende o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de instancias.

- Os acordos da Comisión serán adoptados por maioría simple dos seus membros presentes.

- Realizada a valoración, a Comisión formulará a correspondente proposta de nomeamento a favor do aspirante que obtivese unha maior puntuación, que se elevará á Presidencia da Deputación para a súa resolución.

- No caso de empate entre dous ou máis aspirantes, e en defecto de regras especiais que poidan conterse nas bases específicas, a proposta da Comisión realizarase a favor dun só dos aspirantes empatados, de conformidade cos seguintes criterios, que se expresan por orde de preferencia:

- a) A favor do aspirante con maior puntuación no apartado de titulación académica superior.

- b) En defecto do anterior, a favor do aspirante con maior puntuación no apartado de cursos de formación.

- c) En defecto do anterior, a favor do aspirante con maior puntuación no apartado de titulación adicional.

- d) En defecto do anterior, a favor do aspirante con maior experiencia profesional na prestación de servizos.

- e) En defecto dos anteriores, realizarase un sorteo público.

- A Comisión quedará facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta xestión do procedemento en todo o non previsto nestas bases.

7ª) RESOLUCIÓN.

Recibida a proposta da Comisión, a Presidencia resolverá o concurso, e nomeará ó aspirante proposto pola Comisión, agás nos casos previstos no artigo 40 da Ordenanza reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense, nos que se procederá conforme sinale a dita norma.

A resolución notificaráselle ao interesado, que tomará posesión conforme ao establecido na normativa vixente.

No suposto en que un mesmo empregado público se presenta a diferentes postos dos que son obxecto de convocatoria e fose proposto para a provisión de máis dun deles, o nomeamento referirase ao posto que figure en primeiro lugar na orde de prelación de postos manifestada polo interesado na instancia. O resto de postos serán adxudicados ao seguinte aspirante, por orde de puntuación.

C) BASES ESPECÍFICAS DOS CONCURSOS

1ª) DATOS DO POSTO:

C1). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

Denominación do posto: oficial de administración (ns)

Definición do posto:



1. Descrición do posto: posto de traballo de apoio á xefatura para a reorganización do arquivo do servizo e a xestión do Rexistro de Persoal.

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un.

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: Funcionario Grupo: C1

2. Categoría profesional: Administrativo Administración xeral.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 19

2. Complemento específico: 12.153,28 €

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C2). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento.

Denominación do posto: capataz brigada (s)

Definición do posto:

1. Descrición do posto: desenvolve funcións de xefatura, coordinación e de boa execución da actividade e do persoal da brigada, levanza dos libros e partes de obra, control de entrada de subministrados, maquinaria e ferramenta, correspondéndolle así mesmo, velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e mantemento da maquinaria propia.

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un.

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario/laboral Grupo: C2

2. Categoría profesional: axudante de obras e servizos.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 18

2. Complemento específico: 9.770,28 €

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

- un representante do Comité de Empresa.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C3). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento.

Denominación do posto: chofer de brigada (ns)

Definición do posto:

1. Descrición do posto: desenvolve tarefas de manexo da pequena e mediana maquinaria ou camiós asignados, incluíndo o seu mantemento, conservación e limpeza, e a maiores funcións de apoio á actividade do equipo correspondente cando

resulte preciso. Tamén lle corresponde o transporte de materiais e persoal do equipo.

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario/laboral Grupo: C2.

2. Categoría profesional: chofer especialista.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 16

2. Complemento específico: 9.412,83 €

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

- un representante do Comité de Empresa.

- un representante dos empregados públicos provinciais.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C4). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Xestión e Selección de Persoal - Negociado de Réxime Interior - Brigada de Conservación e Mantemento.

Denominación do posto: operario de Conservación e Mantemento (ns)

Definición do posto:

1. Descrición do posto: desenvolve funcións propias do seu oficio encargadas polo capataz. O legoeiro será o responsable da utilización de pequena maquinaria (desbrozadora, motosierra, picadora, cortadora, etc.).

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: tres

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario/laboral Grupo: AP.

2. Categoría profesional: legoeiro.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 12

2. Complemento específico: 8.691,66 €

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

- un representante do Comité de Empresa.

- un representante dos empregados públicos provinciais.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C5). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Sección de Formación, Calidade e Avaliación do Desempeño - Negociado de Formación.

Denominación do posto: Xestor de Formación (ns).

Definición do posto:

1. Descrición do posto: desenvolve funcións de xestión e apoio técnico e administración no deseño, planificación e desenvolvemento das accións formativas.



2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un.

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario. Grupo: A2.

2. Categoría profesional: Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 24.

2. Complemento específico: 12.510,73 €.

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C6). Denominación do servizo Área de Administración Xeral - Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior - Gabinete de Prevención de Riscos Laborais.

Denominación do posto: Auxiliar de Oficina (ns).

Definición do posto:

1. Descrición do posto: Desenvolve tarefas de apoio administrativo no Gabinete de Prevención de Riscos Laborais.

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un.

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario. Grupo: C2.

2. Categoría profesional: auxiliar Administración Xeral.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 16.

2. Complemento específico: 9.412,83 €.

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

C7). Denominación do servizo: Área de Administración Xeral - Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio - Sección de Contratación - Negociado de Subministración e Servizos.

Denominación do posto: auxiliar de oficina (ns).

Definición do posto:

1. Descrición do posto: Desenvolve funcións de apoio administrativo en todos os asuntos de competencia do negociado, baixo a supervisión do xefe do negociado, con especial consideración da contratación menor e da tramitación de facturas.

2. Forma de provisión: concurso ordinario.

3. Número de postos que se convocan: un.

REQUISITOS DO POSTO:

1. Tipo de Persoal: funcionario. Grupo: C2.

2. Categoría profesional: auxiliar Administración Xeral.

RETRIBUCIÓN DO POSTO:

1. Nivel de complemento de destino: 16.

2. Complemento específico: 9.412,83 €.

2ª) COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A Comisión de Valoración do concurso estará integrada polos seguintes membros co seguinte contido:

a) Presidente: a Directora Xeral de Recursos Humanos.

b) Vogais: - un representante do servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

- un representante da unidade á que pertence o posto.

- un representante da Xunta de Persoal.

